






Cazaría salvaxe

Agustín Agra

XERAIS





FICHA TÉCNICA

Título: *Cazaría salvaxe*
Autor: Agustín Agra
Editorial: Edicións Xerais de Galicia
Colección: Fóra de Xogo
Nº páxinas: 112
ISBN: 978-84-9782-724-9



O AUTOR

AGUSTÍN AGRA (Noia, 1966)

É biólogo e profesor de ensino secundario.

Colabora nas revistas *Casa da Gramática* e *Alameda* de Noia, así como en publicacións da Asociación Cultural Barbantia.


2

Foi gañador do Pedrón de Ouro de narracións breves en 2004 e conta co primeiro accésit no 2005.

Acadou o premio Merlín con *O tesouro da lagoa de Reid'Is*.

Esta é a súa primeira obra dirixida ao público xuvenil, dentro da colección Fóra de xogo.





O LIBRO

Novela de terror e misterio, bruxaría e fantasía.

Unha historia de medo, que saca á luz os temores máis entregos e profundos.

O Señor do Inframundo sae cos seus cadelos torturadores para acabar con todo aquilo que teña vida, non se limita a levar os marcados por aquel tempo, senón que arrasa por onde pasa e nada semella quedar fóra do seu camiño.

Será un mozo, Ricardo Ferreiro, que salvou a vida por segunda vez, quen conseguirá rematar con ese horror. Farao despois das aprendizaxes realizadas máis aló do mar, na Illa da Dona Escura no Mar Tenebroso.

A súa historia é contada por alguén que o coñeceu ben, pero que perdeu a vista nesa fuxida diante do Demo Negro. O cego conta nas prazas e nas tabernas e un descendente de Ricardo Ferreiro escóitao... Esa é a historia.



TEMAS E VALORES

- *Misterio. Terror.*
- *O mundo mítico de demos e bruxos, e tamén de homes que se converten en heroes.*
- *Os cantares e contares de cego. A tradición oral.*
- *A morte.*
- *Novela curta.*



ACTIVIDADES

A proposta de actividades que segue xorde das múltiples opcións de xogo arredor do texto. Nunca deben ser tomadas, de maneira que non sexa simplemente a apertura dun abano de posibilidades para comprendelo algo mellor, darlle voltas, repensalo...

Cada mediador deberá escoller aquelas actividades que lle resulten máis adecuadas para o seu alumnado ou a dinámica do grupo, tendo en conta os intereses que o guían; ou creará as súas propias, baseándose nas que a continuación se deseñan.

De calquera maneira, o máis importante dunha historia é lela e comentala. Realizar algunha actividade en torno a esta lectura ha de ser, en todo caso, complementario do anterior, pero nunca debe ocultar o obxectivo principal: ler e gozar da obra.

ANTES DA LECTURA:

- Co libro na man anticiparemos o seu contido. Observando as capas imaxinaremos de que pode tratar e o que imos atopar nel.
- Atenderemos ao que nos suxira o título e a ilustración da portada.
- A lectura da contraportada axudaranos a adiantar o argumento da obra. Deixamos que vaian agromando os coñecementos previos acerca deste tema, para iso axudarémonos dos comentarios que xurdan arredor de lecturas anteriores ou das propias experiencias.
- Identificamos o autor e comentamos o que saibamos acerca del. Con este fin, podemos axudarnos coa lectura do apartado que leva por título «O autor».
- Realizamos unha busca na rede por se atopamos algo diferente co que completar esta biobibliografía. Localizamos as publicacións, deste autor, na biblioteca.
- Sería interesante falar da colección Fóra de Xogo, doutros títulos que coñezamos e da opinión que nos mereceron. Podemos axudarnos do apartado «Últimos libros da colección».
- Comentamos as expectativas que temos acerca deste libro.
- Imaxinamos unha historia con este título.
- Pensamos se podemos relacionalo con algunha película ou libro.

4

AO LONGO DA LECTURA:

- Observamos a dedicatoria e imaxinamos quen pode ser Marucho.
- Lemos a cita e tentamos buscar información ao respecto.
- Identificamos quen conta a historia, se cambia ou se mantén... Pensamos na diferenza entre un narrador omnisciente e outro tipo de narrador.
- Os capítulos non teñen título, podemos poñerllo nós conforme rematamos a súa lectura. Da mesma maneira resumímolo de forma mental, oral ou por escrito; será un resumo moi sinxelo, que nos sirva de recompilación do lido. Tamén podemos probar a resumilo a través dun título longo. Unha vez realizada esta tarefa, anticipamos a continuación da novela e, mentres a lemos, observamos se se confirman as nosas predicións ou non.
- Son as festas da vila e a feira artesanal. Pensamos nas da nosa localidade, no que alí se fai... Realizamos algunha feira artesanal? De todas maneiras ha de haber algún produto que sexa típico da vosa zona, algunha artesanía salientable... Comentamos as artesanías propias, así como as feiras e festas.
- Conforme avanza o relato seméllanos asistir a unha apocalipse; coa imaxinación vemos a un deses guerreiros, dacabalo, na vangarda dunha tropa de cans diabólicos que degoan cada ser vivo que atopan. É unha caza cruel na que os humanos somos a presa e da que semella non poderemos fuxir. Cada un dos lectores expresará esa imaxe á súa maneira.
- Wotan non se contenta cos sinalados e sega a vida de canto ser vivo, animal ou humano, atopa ao seu paso. Aldea tras aldea cae baixo as súas gadoupas deixando a semente do terror. No País do Vento pásase da visita esporádica de Wotan, buscando a unha persoa determinada, a unha situación totalmente diferente, cal é? E a que é debida?


- O outono e inverno como única estación, tempo eterno de escuridade e noite longa. É o tempo da morte. O seu poder apoucado na escuridade. Tentemos ilustralo.
- O País do Vento semella estar cheo de lendas fabulosas e mitos fantásticos, segundo a opinión do descendente de Ricardo Ferreiro. Cal será ese país? Argumenta a resposta.
- Imos tomando nota de cada un dos personaxes e dos trazos que o caracterizan para poder describilo. Observamos cal deles nos resulta máis interesante e argumentamos esta elección.
- Situamos, se é posible, o relato no espazo e no tempo.
- Escollemos o fragmento que máis nos gustou para compartilo cos demais.
- O vento, a borraqueira que fai do día case noite, a poalla persistente que dá lugar á chuva interminábel, o mundo convertido nunha enorme pucharca lamacentas. Unha imaxe para pintar ou para crear un poema.
- O relato retoma unha maneira de contar, asume un ton que non perde ao longo da narración. Tentemos describilo, á nosa maneira.
- Probemos a ilustrar as seguintes frases:
 - «Abriuse o ceo en fervenza enriba nosa».
 - «Os cans, cando quedaron roucos, seguiron a repetir o xesto de xeito silencioso aínda cando xa non podían arrincar ningún son da súa gorxa».
- «Soubemos que viña, que o horror se achegaba, polo empardecer do día e a chegada da escuridade». Aquí, igual que noutras obras como *O Señor dos Aneis*, a escuridade é o signo do mal. Busquemos textos nos que suceda isto.
- Neste caso, ademais da falta de luz, recoñecemos a presenza do mal polo fedor e o cheiro a podremia. Explica a forma na que, para ti, se presenta o mal, con que o asimilas, con que sensacións o relacionas...
- Localizar frases feitas como: «a auga tornaríase ao rego», «mollar a palabra», «co tempo maduran os figos», «caeu a baldes»...
- Localicemos palabras do campo semántico do terror. Citemos algunha frase que nos resulte moi propia deste xénero.
- Dise que os cadelos morrían co medo, no sentido literal. Tes atopado este feito nalgunha outra lectura ou experiencia?
- Podemos debuxar a praza da nosa vila.
- Os nomes do mal: Wotan, o Demo, o Deus do Inframundo... Continuemos a enumeración!
- O morte antes dos tempos de horror, que se nos contan, era tomada como lei de vida, algo natural esperado polos vellos para aliviar os sufrimentos da enfermidade, a soidade, a vellez... que outros sufrimentos aliviaba a morte?
- Realicemos un vocabulario coas palabras de difícil comprensión.
- Contestemos:
 - Cales eran os agoiros que precedían á morte antes da etapa de terror?
 - Quen era Ricardo Ferreiro, tendo en conta a opinión de todos os que o coñeceron?
 - De onde chega o descendente de Ricardo Ferreiro?
 - Quen son os primeiros en decatarse de que algo estraño está a suceder e semellan anunciar a Wotan?
 - Quen é Xana?
 - É certo que o loureiro é unha árbore contra o meigallo e a mala sorte?
 - Que é un corpo aberto?
 - Quen se define como o derradeiro violinista cego? Pódese dicir que isto sexa certo?
 - Por que non se resgardarán do mal na igrexa? Non hai templos?
 - Cal será o olor do medo?
 - E o cheiro a morte?
 - Que leva Wota nas mans?
 - Cal é, para ti, a paisaxe da desolación?
 - Por que lle chamará Palleiro ao can?
 - Por que cres que o cego di que o País do Vento é unha afastada terra de mouras, mareantes, gaiteros e poetas?
 - Como imaxinas o Alén do Alén?
 - Desde cando «o mundo é como agora o coñecemos e cadaquén morre no seu tempo»?
 - Como imaxinas un dioivo?
 - De onde lle vén ao cego a querenza polos gatos?

- Quen foi capaz de sobrevivir máis de dúas veces? Como o fixo?
- Quen saca a Wotan do seu tobo invocándoo? Por que cres que Wotan lle atende?
- Que é o morgado?
- A que era debido o cambio no comportamento de Wotan?
- Que hai que facer para que as cousas volvan ser coma antes?
- Que lle transmite o vello Arredademos ao fillo Xan Arredademos?
- Onde é sorprendido Arredademos pola morte? Que accidente inesperado sucede, nese momento?
- Expliquemos a maneira na que entendemos que se poidan vivir tres vida á vez no Alén do Alén: a do presente, a do futuro (convertida en sombra no Inframundo) e a do pasado (cando aínda somos non nados). Podemos facelo mediante unha narración, descrición, ilustración... Podemos buscar outros textos nos que se xoga con esa imaxe dos non nados, como sucede na serie de *Charlie* de Roald Dahl.
- No Alén do Alén vívese no límite entre o abismo da loucura e o coñecemento infinito. A que se che parece ese lugar?
- Alí, os xamáns ensínanlle, a Ricardo, o necesario para enfrontarse a Wotan... todas as artes ocultas. Que sabes deste tipo de artes?
- Expliquemos a diferenza e relación entre vinculeiro, primoxénito, herdeiro...
- Hai un carballo na horta de Arredademos que se vai pasando de meigos a meigos desde que a memoria das xentes acorda. Sabes dalgunha outra árbore que sexa herdanza?
- Localicemos a descrición de Suso Arredademos.
- Comentemos a lenda da orixe nas Terras do Norte; a fuxida de Ricardo para o País do Vento, atravesando o Alén do Alén, coa axuda da Dona Escura; o pago da débeda das habitantes do País do Vento á Dona Escura, a través duns barcos que navegan na noite levando mercancías, os que salvaron a Ricardo e talvez devolveron ao cego a terra.
- Contestemos as preguntas que o cego vai declamando en relación ás guerras: «Porque, quen gaña as guerras?, quen máis que os poderosos que mandan as súas tropas, o pobo, cara ao exterminio? Que gaña o campo onde dous exércitos se enfrontaron? Quen, cando dos cadáveres queda apenas nada, máis alá dun nome ou un símbolo gravados nunha campá?».
- «Troquei cartos por contos» di o cego. Esa semellanza entre «cartos» e «contos» pode lembrarnos outras así de significativas. Pensemos...
- A carne ao caldeiro que toman na taberna é un dos pratos tradicionais galegos. Esta pode ser unha boa ocasión para facer un listado con todos os pratos da cociña galega que nos acorden. E incluso para recoller algunha que outra receita.
- Debuxa os zapateiros e cabezolos (que xogaban a cazar de pequenos Mario e os seus amigos); os fentos e silveiras, as pedras recubertas de liques e couselos, os ameneiros e salgueiros, os corvos a grallar (que ían atopando Mario e Ricardo na súa fuxida cara ao mar)... Poden ser debuxos do natural, como exercicios de plástica. Tamén podemos ilustrar ese momento no que Mario queda cego para sempre ao mirar directamente as concas dos ollos de Wotan, a mirada de lume.
- Pensemos na capacidade de observación e especulación do protagonista.
- Falemos acerca dos cegos e as súas funcións nunha sociedade tradicional, dos cantares de cego formando parte da tradición oral. Relacionemos isto coa situación dos cegos na actualidade e os oficios que desempeñan.
- Escoitamos algún cantar de cego, lémoslos en algunha publicación impresa ou na páxina web *Galicia encantada*.
- Hai topónimos que se prestan a que os debuxemos nun mapa fantástico: Mar dos Peixes, Grande Océano, Illas do Poñente, Mar Tenebroso...
- Localizamos os carteis de cego realizados por Isaac Díaz Pardo e algún outro ao que poidamos acceder.
- Buscamos imaxes nas que se represente a cegos actuando, tocando o violín, sinalando os carteis...
- De cegos e lazarillos hai máis dunha historia clásica. Cales lembramos?
- «Narrar o inenarrábel, o horror de sobrevivir á apocalipse, para que esta se espallase e perdurase na memoria da xente», foi para iso para o que deixaron vivo ao cego?
- Localicemos algún nome de plantas e árbores, de animais...
- O cego fala dunha «época en que o reconto do tempo se facía con dúas estacións: primavera ou verán, que das dúas formas se lle chamaba, e inverno». É posible que algunha vez, tamén nós, teñamos esa sensación de só dúas estacións, de tres ou máis de catro. Comentémolo!

- Daquela, o terror saía ciclicamente do agocho no profundo. Comparemos isto con algo que suceda na realidade, a presenza da crise en momentos determinados...
- Seguramente hai determinados aspectos da novela que che resultan unha incógnita, por exemplo, como é que o cego seguiu vivo a pesar de que Wotan continuou varios anos máis arrasando todo tipo de vida...
- Fálase dun tempo no que só había dúas estacións, cales serán?, cres que está moi lonxe da realidade de determinados lugares? Que sabemos dos climas?
- Unha loita a morte, sen un corpo a corpo nin armas, unha loita a base de maldicións. É a maxia das palabras que pode matar. Pensemos nesa posibilidade relacionándoo coa realidade.
- O País do Vento, unha fermosa imaxe que podes ilustrar. Cal cres que pode ser chamado así de forma certa? Cita algunha denominación coa que se ten nomeado a Galicia ou a outros países e que che lembre esta.
- Localizamos recursos literarios.
- Escribamos textos arredor destas frases:
 - «Descargou unha curta pero intensa treboada, como se o ímpeto da auga pretendese limpar o mundo daquela ofensa deixándoo inmaculado».
 - « (...) o xeito de saír do labirinto no que se lle convertera o destino» «(...) despois de entrever o abismo non volvería atopar acougo».
- Foran sete anos de horror. Sete semella un número máxico. Busquemos algunha información acerca dos números e os seu significado para os esotéricos.
- Hai momentos nos que semella que o cego non o é, lembras algún deles?
- A novela comeza e remata coa mesma palabra: silencio. Terá algunha explicación? Cal será a diferenza entre o primeiro silencio (o que se pide para encher de palabras) e o último (o baleiro do silencio que se instala na memoria).

DESPOIS DA LECTURA:

- Unha vez lida a novela expliquemos cal é ou pode ser a razón do título. Comentemos entre todos que outras cabeceiras nos parecerían adecuadas para esta historia.
- Comentemos a linguaxe que se utiliza na novela.
- Busquemos imaxes do Inframundo. Algúns pintores poden axudarnos nesa busca.
- Realizamos unha posta en común para comentar a nosa opinión sobre o texto e falar doutras obras deste xénero de novela de terror que teñamos lido.
- Realizamos unha liña argumental na que imos introducindo de forma esquemática os diferentes tempos que se entrecruzan.
- Observemos os topónimos. Son dunha gran riqueza, algún deles soarannos, outros non... Podemos intentar localizalos para descubrir se representan un lugar ou son froito da imaxinación do autor.
- Relacionamos a novela con outras novelas e con algunha película.
- Podemos ler a outra obra do autor, publicada na colección Merlín.
- Localizamos outras obras deste xénero e lémolos, sempre que nos sintamos motivados a facelo. Podemos comezar con *Morgún* de Suso de Toro; *Vestio e As mans do medo* de Xosé Miranda; *Cartas de inverno, Aire negro...* de Agustín Fernández Paz.
- Facemos unha posta en común sobre as obras do xénero de terror que temos lido, qué nos gustou, que libros temos na biblioteca para continuar con este tipo de lecturas... Podemos pasarnos ao cine e falar de películas de terror, visionalas... O samaín pode ser unha boa época para tratar esta temática.
- Escribimos microrrelatos de terror.
- Podemos escribirlle ao autor do libro unha carta comentándolle a nosa opinión e suxeríndolle outros temas que podería tratar.
- Identificamos as ensinanzas da obra, os valores que defende o autor, aquilo que nos impactou máis.
- Realizamos un cómic con este argumento.
- Pensamos na posibilidade de pasar a obra a cine. Así, comentamos como o fariamos e a que actores e actrices elixiríamos para representar os personaxes.
- Observamos o papel da muller dentro da obra, a maior ou menor presenza...
- Continuamos o relato alí onde o deixou o autor, ou escribimos o pasado do descendente de Ricardo Ferreiro.



Pedidos a:

Comercial Grupo Anaya
Polígono Pocomaco
Avenida 3 Edificio Diana
Nave 4 Baixo • 15009 • A Coruña
Tel.: 981 171 641 / Fax: 981 171 647

XERAIS

Doutor Marañón, 12. 36211 Vigo
Apartado Postal 1446. 36200 Vigo
Teléfonos (986) 21 48 88 - 21 48 80
Telefax: (986) 20 13 66
Correo electrónico: xerais@xerais.es
<http://www.xerais.es/>

EDICIÓNS XERAIS DE GALICIA



© Pilar Sampedro e Maruxa Caamaño, 2008
 © Edicións Xerais de Galicia, S.A., 2008
 Depósito legal: VG 1572-2008